

CONVOCATORIA

PONER EN VALOR EL DISEÑO COMO FACTOR INNOVADOR

En la reunión mantenida hace unos días con miembros del sector de la innovación en Galicia, los representantes de la Xunta destacaron la puesta en marcha de una iniciativa para poner en valor el diseño como factor de innovación. Se trata de Design4Innovation, un programa en el que la Axencia Galega de Innovación (Gain) colabora con otros socios europeos y en el marco del cual se ha abierto una convocatoria para identificar casos de éxito de diseño en Galicia. Con los proyectos finalmente seleccionados se editará una publicación, mientras que los dos mejores participarán en una exposición de diseño europeo que se celebrará en el mes de abril en Valetta (Malta).

Un nuevo ecosistema para crecer

● El Plan Galicia Innova movilizará 1.775 millones hasta el 2020 para fomentar la investigación e impulsar la actividad económica ● Creará grandes «hubs» para agrupar a los agentes de I+D

● M. Casal

Una herramienta para garantizar el futuro. Un instrumento para estimular las fortalezas de la economía gallega. Con ese espíritu vefá la luz oficialmente hace solo unos días el Plan Galicia Innova 2020, el programa de la Consellería de Economía, Empleo e Industria presentado al Consello de la Xunta con el objetivo de impulsar la actividad económica e industrial a través de la innovación. Una iniciativa que movilizará 1.775 millones de euros hasta el 2020 (980 millones de inversión pública) y que sigue las directrices establecidas en la Estrategia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3).

La puesta en marcha de este plan es la respuesta del Gobierno gallego a un nuevo contexto económico mundial en el que la inversión en I+D se configura como el factor clave de crecimiento y garantía de sostenibilidad. La Xunta aspira a inducir un cambio del modelo productivo que posicione a Galicia como un territorio de referencia en el ámbito de la innovación, en el que las ideas se transformen en una actividad productiva que repercuta en el bienestar social y en la proyección profesional de sus habitantes.

Para ello, Galicia Innova 2020 impulsará un modelo abierto, con vocación internacional y claramente volcado en el fomento de la colaboración público-privada. Uno de los

pilares del plan será la creación de hubs de innovación digital en áreas estratégicas para la economía gallega como la aeronáutica, la bioeconomía o la industria 4.0. Estos grandes polos agruparán y proyectarán el trabajo conjunto de centros de investigación, grandes empresas, pymes, startups, incubadoras, universidades, clústeres, asociaciones sectoriales, inversores y la propia Administración. Se crearán en definitiva ecosistemas específicos de conocimiento de los que habrán de emerger ideas con vocación de transferencia, esto es, de generación de riqueza. Estarán además conectados con la red europea de hubs de innovación digital.

El plan impulsado por la Xunta, que está siendo objeto de debate con todos los agentes del sistema innovador y los grupos parlamentarios, define tres retos: la puesta en valor de la investigación científico-tecnológica; la mejora de la trans-

ferencia del conocimiento generado a las empresas; y el retorno de la inversión con el objetivo de que se traduzca en mayor actividad y crecimiento económico y, por tanto, de generación de empleo de calidad. A partir de esta filosofía, Galicia Innova 2020 establece tres áreas de acción en el marco de las cuales se pondrán en marcha los distintos programas y acciones de I+D a lo largo de los próximos años: conocimiento, talento y empresa.

IMPULSOS ESTRATÉGICOS

La primera apuesta por potenciar la generación y transferencia de conocimiento especializado. En el ámbito de la misma se enmarcan medidas como el programa de excelencia de los centros tecnológicos, el impulso de los centros singulares de investigación o el apoyo a la investigación en ámbitos estratégicos como la industria 4.0, el sector agroalimentario, la explotación forestal, las energías renovables y la pesca, entre otras acciones.

La segunda área de acción del plan diseñado por la Xunta se focaliza en las personas, en la captación y retención del talento innovador. Para ello, el programa Vocación STEM trabajará en detectar y fomentar las vocaciones de jóvenes de forma precoz. Paralelamente, se potenciarán las iniciativas de aceleración y excelencia dirigidas a startups y se implementarán nuevas medidas como el Doctorado Indus-

trial o el Talento Sénior, al tiempo que se mantienen las ayudas a los investigadores.

Por último, la tercera pata del plan Galicia Innova apuesta por el liderazgo de las empresas estimulando su apuesta por el I+D, con especial atención a que las pymes avancen en procesos de innovación abierta que cristalicen en sinergias entre ellas. En la misma línea, la Xunta mantendrá activa la Comisión Pública Innovadora con la finalidad de optimizar los servicios públicos y consolidar a Galicia como un referente en este ámbito.

El plan autonómico identifica tres sectores clave para ganar protagonismo a nivel europeo: el aeronáutico, que habrá de apoyarse en el potencial del polo tecnológico e industrial de Rozas; el de la bioeconomía, singularmente orientado al diseño de los fármacos del futuro y el impulso al sector agroalimentario; y el de la industria 4.0, enfoca-

do en este caso en el desarrollo de iniciativas que promuevan la fabricación inteligente y la creación de tejido industrial en Galicia.

La Xunta ha traducido estos ambiciosos objetivos a cifras. Así, confía en que la activación de este plan permita elevar más de un 10 % la cifra de trabajadores vinculados a la I+D desde los 9.400 del 2016 hasta los 10.400 en el 2020, para lo que prevé elevar en un 15 % la cantidad de empresas relacionadas con las actividades innovadoras, hasta superar el millar de firmas. En términos de PIB, el programa aspira a elevar el porcentaje de inversión en I+D desde el 0,87 % de hace dos años al 1,7 % cuando concluya esta década.

Para cumplir todas estas metas será crucial la implicación del tejido productivo gallego. Por ello, hace solo unos días el conselleiro de Economía, Francisco Conde, y el de Facenda, Valeriano Martínez, se reunieron con representantes del sector de la innovación con el objetivo de presentarles las claves del Plan Galicia Innova y abrir un proceso de diálogo alrededor de esta herramienta. Conde detalló las claves de esta iniciativa e insistió ante los presentes en que pone el acento en los protagonistas, en los investigadores y las empresas, llamadas a jugar un papel clave en ese nuevo modelo productivo que habrá de conducir el futuro del territorio gallego.

La iniciativa establece tres grandes áreas de acción: conocimiento, talento y empresa

El programa prevé elevar un 10 % la cifra de empleados vinculados a la actividad investigadora

As empresas galegas teñen na innovación a chave para estimular a actividade económica

► O Plan Galicia Innova 2020 busca elevar nun 10%, ata os 10.400, os postos de traballo vinculados á I+D+i, contribuíndo así a xerar emprego de calidade na comunidade galega

R.L. LUGO. O IMPULSO e o apoio á innovación para que se consolide no tecido empresarial teñen unha nova guía para o que queda de década, o Plan Galicia Innova 2020, cuxo obxectivo é estimular a actividade económica e industrial, o que redundará na xeración de emprego de calidade e benestar social a través da innovación.

O Plan Galicia Innova 2020 prevé mobilizar 1.775 millóns de euros —980 de investimento público e o resto, privado— ata 2020, e sitúa entre seus obxectivos que os empregos ligados á I+D+i na comunidade galega se eleven un 10% neste tempo, ata os 10.400.

A guía da innovación galega desenvólvese segundo as directrices da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), e permite á Xunta contar cos instrumentos e iniciativas necesarias para levar a cabo as súas políticas en I+D+i, seguir proporcionando apoio aos investigadores, e fomentar a transferencia de coñecementos

ao tecido empresarial.

Cun investimento que supera nun 35% ao do período anterior para avanzar nun cambio de modelo productivo, o Plan Galicia Innova 2020 dá respostas para seguir avanzando co obxectivo de situar a I+D+i como factor clave para fomentar a investigación e a actividade industrial na comunidade. Así garátese a competitividade da economía e a consolidación dun modelo sustentable que aposta pola inclusión social.

Preténdese que Galicia sexa un territorio de referencia para innovar, e que as ideas se transformen nunha actividade produtiva que repercuta no benestar social e na proxección profesional.

A nova folia de ruta en materia de innovación mobilizará 1.775 millóns a través da colaboración público privada

Logo da súa avaliación, o Plan Galicia Innova 2020 está sendo obxecto de debate cos axentes do ecosistema innovador, nunha aposta da Administración autonómica polo diálogo e co fin de mellorar o Plan con novas propostas, na procura de impulsar un modelo aberto, con vocación internacional, e que fomente a colaboración pública e privada.

O Plan pon en valor o deseño como factor de innovación e, así, Gain colabora con socios europeos en Design4Innovation, a través da que o Goberno lanza unha convocatoria aberta ata o 8 de febreiro, para identificar casos de éxito de deseño na comunidade. Cos seleccionados editarase unha publicación e os dous mellores participarán nunha exposición de deseño europeo en Valleta (Malta), Capital Europea da Cultura 2018.

MISIÓN COMERCIAL. Dentro deste obxectivo de impulsar a aposta pola innovación, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo,

Optimización Potenciación do desenvolvemento


Aguda da innovación galega recolle a posta en marcha de 'hubs' de innovación dixital, estruturas de colaboración público privada para agrupar, ordenar e especializar a I+D+i en ámbitos estratéxicos. Integradas por centros de investigación, empresas, incubadoras, universidades, asociacións sectoriais, investidores e a propia Administración, coa misión de «sacar o máximo partido» do potencial innovador de Galicia, aproveitan ao máximo as capacidades de Galicia en I+D+i para potenciar o desenvolvemento tecnolóxico e fortalecer a industria.

vén de participar nunha misión comercial a Israel—acompañado entre outros do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde— para atraer investimentos á comunidade e oportunidades de negocio para firmas galegas.

Durante a viaxe trasladouse unha invitación formal ao tecido empresarial daquel país para selar alianzas comerciais con compañías dos sectores máis tecnolóxicos de Galicia, entre os que Feijóo destacou o aeronáutico, a automoción, o das TIC ou a biotecnoloxía.

Para tratar de establecer xa os primeiros contactos, na delegación galega integráronse ademais unha vintena de empresas, clusters e centros tecnolóxicos destes sectores, que son os que centraron en boa medida as aspiracións da viaxe por ser Israel «todo un país de referencia en crecemento intelectual».

Durante o encontro empresarial o Goberno galego reaffirmou a aposta pola dixitalización e o coñecemento, que «como estímulo da competitividade económica» son compartidos.



Un traballador desenvolve o seu labor nas instalacións do centro tecnolóxico de Aimen, en O Porriño. AFP

resultados científico-tecnolóxicos e, así, incentivar a transferencia de coñecemento.

Dentro desta filosofía se enmarca o investimento de 1,87 millóns de euros repartido o ano pasado entre oito centros tecnolóxicos e de apoio á innovación co obxectivo de potenciar as súas liñas estratéxicas de investigación e a súa transferencia ao mercado, á vez que se impulsa a competitividade e a captación e retención de talento.

Os beneficiarios foron os seis centros tecnolóxicos galegos recoñecidos pola súa excelencia no rexistro estatal do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade: Aimen; o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient); Anfaco-Copesca; o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG); o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITC) e Energylab; e dous centros de apoio á innovación: o Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (CETIM) e o Centro Tecnolóxico da auga (CETAQUA).

Promóvese así a excelencia científico-técnica e a posta en valor do coñecemento, impulsando tamén a colaboración co tecido empresarial para potenciar o impacto na competitividade das empresas e o crecemento da economía galega.

Nos últimos catro anos estes apoios da Administración a través dos contratos programa permitiron a creación ou mantemento de 430 postos de traballo cualificados.

ESPECIALIZACIÓN Transferencia de coñecemento

O saber conectado ao tecido produtivo

► Novas medidas como o Programa de Excelencia dos centros tecnolóxicos ou o fomento do labor investigador buscan que a innovación social e empresarial se anticipen aos desafíos do futuro en Galicia

Entre as áreas de acción do Plan Innova Galicia 2020 apóstanse por impulsar medidas e programas para potenciar a xeración e transferencia de coñecemento especializado, conectado coa realidade do tecido produtivo e a sociedade.

Deste xeito, o sistema galego de I+D+i será capaz de fomentar a innovación social e empresarial para anticiparse aos cambios e aos desafíos do futuro e maximizar as oportunidades.


Nesta liña enmárcanse novas

medidas como o programa de Excelencia dos centros tecnolóxicos; ou o impulso dos centros singulares de investigación.

Tamén o fai o apoio á investigación en ámbitos estratéxicos como a Industria 4.0, o agroali-

mentario, a explotación forestal, as enerxías renovables e a pesca.

INVESTIGADORES. Outra liña de medidas consiste nunha serie de accións para poñer en valor o labor dos investigadores e dos seus



Apoios
ás novas
vocacións
e talentos
galegos para
desenvolver a
I+D+i. EP

TALENTO Captación de vocacións

Iniciativas dirixidas ás persoas

► Os programas integrais de aceleración de startups facilitan ás empresas tecnolóxicas e innovadoras o acceso ao financiamento e o desenvolvemento dos seus produtos cara á internacionalización

Unha das principais áreas de acción do Plan Galicia Innova 2020 son os programas dirixidos ás persoas, é dicir, á captación e retención de talento innovador, poñeranse todos os medios para desenvolver as súas vocacións desde

o ámbito educativo, empresarial ou investigador.

Así, detectaranse e fomentaranse as vocacións dos rapaces de xeito precoz nas áreas de ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas (programa Vocación STEM),

e continuarase cos programas integrais de aceleración e excelencia dirixidos ás startups, para facilitar ás novas empresas tecnolóxicas e innovadoras o acceso ao financiamento e o desenvolvemento dos seus produtos, así como para

poñer a súa disposición os mecanismos necesarios para a súa internacionalización.

Ademais, implementaranse novos programas como o Doutorado Industrial ou Talento sénior —dirixidos a profesionais experi-


mentados— e manteranse as axudas aos investigadores.

RIS3. O novo plan de innovación responde ás directrices marcadas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia —RIS3—, a folla de ruta que guía a transformación da economía da Comunidade cara a un sistema produtivo baseado na innovación.

Os seus tres retos fundamentais consisten en acadar unha xestión innovadora dos recursos naturais e culturais, o modelo industrial do futuro e un novo estilo de vida saudable baseado no envellecemento activo.

A RIS3 transcende, por tanto, os límites do económico e convértese no manual de instrucións para a transformación global de Galicia.

A formación especializada ligada a sectores innovadores é na actualidade un factor clave para atopar un emprego. O tecido produtivo galego demanda novos perfís profesionais en sectores emerxentes e ao mesmo tempo estratéxicos para Galicia. E por iso, desde o tecido empresarial e a Administración galega trabállase para impulsar o talento galego e a innovación. «Esta estratexia está sendo útil para conseguir consolidar a recuperación económica de Galicia e un novo modelo de crecemento san, máis inclusivo e integrador», coinciden os actores implicados no proceso.



Espazo para investigar sobre acústica e vibración no Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia, en O Porriño, EP

EMPRESAS Liderado e sinerxias

As pemes, á cabeza da transformación

► As pequenas e medianas empresas serán as encargadas de avanzar cara procesos de innovación aberta que permitan crear diferentes sinerxias entre os actores que participan nos diferentes proxectos

Na súa terceira área de acción, o Plan Galicia Innova 2020 aposta polo liderado das empresas galegas a través da realización de proxectos innovadores, con especial atención ás pemes para avanzar en procesos de innovación

aberta que permitan crear sinerxias entre elas.

Ademais seguirase impulsando a Compra Pública Innovadora coa finalidade de mellorar os servizos públicos e consolidar a Galicia como un referente neste eido.

Nesta liña fixada polo novo plan para favorecer a innovación empresarial, Galicia xa dispón dunha nova iniciativa pioneira: o programa Innova Peme, destinado a mellorar a innovación nas pemes e microempresas galegas e

que permite mobilizar 9,5 millóns de euros, beneficiando a un total de 49 compañías galegas.

As axudas, aprobadas pola Xunta a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), destínanse a desenvolver actividades coas que

lanzar novos produtos e servizos ou mellorar os procesos. Para iso, as compañías solicitantes deberon presentar un plan de innovación, unha folla de ruta que se desenvolverá durante un mínimo dun ano na que se recollen as actuacións a financiar co programa.

Das axudas concedidas, o 45% destínanse a pequenas empresas (22), mentres o 33% (16) son para microempresas e as 11 restantes son para medianas empresas.

Ademais, aínda que se apoiarán unha gran variedade de sectores, o que recibiu máis apoios —un 24%— é o das TIC.

No 90% dos plans concedidos, as compañías colaboran con algún organismo de investigación con sede en Galicia, polo que se reforza a aposta pola innovación colaborativa que se trata de impulsar desde o Goberno galego a través doutras convocatorias como as Unidades Mixtas de Investigación. As axudas permiten o mantemento ou creación de 263 postos de traballo e inclúe, tamén, a participación de 167 empresas proveedoras.

Todos estes programas recollidos no Plan Galicia Innova, contribúen promover e vertebrar as políticas de innovación, así como apoiar e impulsar o crecemento e a competitividade das empresas galegas, a través da posta en marcha de estratexias eficaces e programas innovadores. Para conseguirlo, acompaña aos axentes do Sistema Galego de Innovación en todas as fases do proceso de innovación.